ABELLÓN

O libro negro das zoadeiras



Xoán-Xil López | Mauro Sanín

SEIVA. Abellón. O libro negro das zoadeiras

Colección
SEIVA
Dirección
Ramon Pinheiro Almuinha
Equipa Editorial
Mauro Sanín e Alba María Rodríguez
ISBN
978-84-949511-9-0

Edición
aCentral Folque. Centro Galego de Música Popular
Salgueiriños de Abaixo 11-1, L-6
15703 Santiago de Compostela
info@folque.com
www.folque.com

Idea orixinal
Xoán-Xil López e Mauro Sanín
Textos e deseño das ilustracións
Xoán-Xil López
Arte final
Ricardo Cabanelas. Reviravolta Design
Corrección lingüística
Alba María Rodríguez

1ª edición, 1ª impresión

Fonte tipográfica
EB Garamond. Desenvolvida por Georg Duffner.
Papel
Munken Pure de 120 g./m2 e Estucado mate de 150 g./m2
Impresión
Gráficas Anduriña

Colaboración institucional
Deputación da Coruña

Depósito Legal
C 2471-2019

© e ℗ da edición desta obra: aCentral Folque. Compostela, 2019
Reservados todos os dereitos. Salvo autorización, fica prohibida a reprodución total ou parcial para efectos comerciais dos textos e ilustración.

Índice

Libro I

Abellas, abellóns e zoadeiras. Un percurso sonoro arredor da morte

– 11 –

Libro II

Faino ti. Construción de instrumentos que zoan

– 73 –

Libro III

Enxame. Performance colectiva

– 139 –

PREFACIO

A presente obra xorde dunha serie de intuicións, lecturas e investigacións sobre o zunido como son paramusical capaz de acadar un valor transcendental en diferentes culturas.

Aínda que este relato se nutre de disciplinas como a Antropoloxía, a Historia ou a Musicoloxía entre outras, non pretende ser un estudo exhaustivo; máis ben unha proposta aberta e suxestiva a partir da experimentación e da creación sonora, ámbitos desde os que se convida a repensar a nosa relación co «ruído».

Se houbese que catalogalo dalgún xeito sería como unha colección de curiosidades ao tempo que un ensaio especulativo, na acepción máis ampla do termo, que, partindo da escoita atenta e desde unha óptica actual, revisita o mito das abellas dentro das prácticas populares galegas asociadas á morte.

Neste libro entrecrúzanse a teoría, a elaboración de instrumentos sinxelos e a participación en accións colectivas situándonos no contexto da exploración artística a medio camiño entre a música, a *performance* e a arte sonora.

É igualmente importante salientar o momento no que se materializa este proxecto. Aínda que levaba tempo sendo imaxinado, finalmente adquire forma —se cadra como un síntoma entre a memoria e a catástrofe— no *III Foro Negro da Cultura* organizado por Ania González e Horacio González dentro das actividades de *Outra gran Burla Negra. Creatividade popular e memoria do Prestige (2002-2019)*. A eles agradecemos o alento que supuxo este convite para participar nun proceso de reflexión e acción conxunta, tan fermoso como necesario, sobre as políticas culturais en Galicia e as dinámicas de creación comunitaria.

LIBRO II



5

—mosquito, zoadeira de cartolina—

MATERIAIS
Cartolina | Pau plano (de xeado) | Grampa | Fita elástica (larga e curta) de caucho | Cordel | Tampos de bolígrafo.

ELABORACIÓN
Pregar a cartolina pola metade e deitar o pau centrado | Dobrar o cartolina sobre o pau | Grampar a cartolina por ambos os dous lados co pau no medio | Facer un nó dobre ou triplo co cordel nun dos extremos ceibos do pau | Colocar cada un dos tampos nos extremos do pau | Pasar a fita elástica sobre os tampos dun extremo ao outro (debe ficar tensa).

ACCIÓN
Xirar describindo círculos sobre a cabeza ou verticalmente. Dependendo da velocidade de rotación pode producir diferentes gradacións sonoras (suave e aguda do fío, grave da fita elástica, estridulante co batemento das ás da cartolina).

VARIACIÓNS
Pódese utilizar fita elástica fina de caucho ou cortiza no canto dos tampos de bolígrafo. Pódese facer o bordo da cartolina dentado ou con calquera outro deseño, o son muda.





















9 788494 951190

aCentral Folque

Deputación DA CORUÑA